

[RRC/MCVR]

Na sala de comisións “Otero Pedrayo” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG**, o día **13 de decembro de 2024**, ás **10:35 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

Raquel Arias Rodríguez  
(Presidenta)  
Enrique Barreiro Sánchez  
(Vicepresidente)  
Alexandra Fernández Gómez  
(Secretaria)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

Victor Manuel Baladrón Lamas  
Cristina Campero Dorado  
Juan Manuel Casares Gándara  
Jesús María Fernández Rosende  
Miguel Fidalgo Iglesias  
(en substitución de Paula Mouzo Mas)  
Carmen María Pomar Tojo  
Ángel Rodríguez Conde

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Daniel Castro García  
Mercedes Queixas Zas  
Olalla Rodil Fernández  
Iago Suárez Fernández

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**

María del Carmen Rodríguez Dacosta

**Comparecente:**

Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG

**Letrada:**

Raquel Rodríguez Carro

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

**Punto único. Preguntas**

- 1.1 8095 (12/POC-001463)**  
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Longueira Castro, Silvia e 3 máis**  
**Sobre determinadas cuestións relacionadas coa elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que esta pretende incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección do director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024*

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, dá contas das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, que considera que esta pregunta non debería ir dirixida a el, pois entende que non pode incorrer en competencias que non lle corresponden, e espera que non se tome coma unha descortesía, pero coida que non é o momento e lugar para poñer de manifesto a súa opinión.

Na rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, lamenta a intervención do señor Sánchez Izquierdo e que, como director, xornalista e docente, indirectamente xustifique un texto que vai contra a praxis democrática á hora de expoñer a información.

O **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate da iniciativa rebatendo as argumentacións da señora deputada, pois considera que non se axustan á realidade.

- 1.2 14697 (12/POC-002303)**  
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Rodil Fernández, Olalla e 4 máis**  
**Sobre a conflitividade orixinada na CRTVG entre a dirección xeral e o persoal da Corporación**  
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 123, do 27.11.2024*



Intervén a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG)** para expresar os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa e que aparecen publicados BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

Na rolda de réplica a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG)**, amosa a súa insatisfacción e preocupación ante a información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, don Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e engadindo novos datos.

A Presidencia agradécelle ao señor Sánchez Izquierdo a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión, así como ao persoal da Cámara polos servizos prestados.

Remata a sesión ás 11:30 horas.

Raquel  
Arias  
Rodríguez

Firmado  
digitalmente por  
Raquel Arias  
Rodríguez  
Nombre de  
reconocimiento  
(DN): cn=Raquel  
Arias Rodríguez,  
mail=raquel.ariasr  
odriguez@parlamento  
degalicia.es  
Fecha: 2025.03.24  
12:57:55 +01'00'

Alexandra Fernández Gómez  
Secretaria da Comisión

Alexandra  
Fernández  
Gómez

Firmado  
digitalmente por  
Alexandra  
Fernández Gómez  
Fecha: 2025.03.24  
10:35:40 +01'00'